

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de outubro de 2008

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a Elena Maure Noia
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e sete minutos do día vinte e dous de outubro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1614).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1615).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS EN COMPENSACIÓN ÁS HORAS EN EXCESO REALIZADAS POLO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 18521/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 20.10.08, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 15.10.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de SETEMBRO 2008, por un total de 31.827.72 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

3(1616).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE DOUS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS E UN TRABALLADOR SOCIAL, E AMPLIACIÓN DA XORNADA LABORAL DO LICENCIADO EN DEREITO DO PROGRAMA DE EMIGRACIÓN. EXPTE. 36745/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 21.10.08, o informe da xefa da Unidade de Persoal, do 21.10.08, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Formalizar contratos laborais temporais de traballador/a social e auxiliares administrativos baixo a modalidade contractual de obra ou servizo determinado, a xornada completa e ampliar o contrato de media xornada a xornada completa do lic. en dereito, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15.a), Lei 63/97 e RD 2720/98 de 18 de decembro polo período comprendido entre a data do acordo da Xunta de Goberno Local e o 31 de decembro de 2008, ás aspirantes:

D. LUIS ALBERTO RIOBÓ VEIGA (lic. en dereito)	DNI. 78736786N
Dª MONICA VAZQUEZ QUINTA	DNI. 36135802L
Dª PAULA MARÍA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	DNI. 36134100L
Dª SONIA ALONSO PÉREZ	DNI. 36093761E

2º.- Percibirán como retribución as establecidas segundo vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal do Concello, neste caso as de Licenciado/a en dereito, traballador/a social e auxiliar administrativo/a.

3º.- Pola Unidade de Persoal formalizaranse os contratos correspondentes, alta na Seguridade Social e demais trámites necesarios para a efectividade do presente acordo.

4º.- Aprobar e dispoñer o gasto dos presentes contratos con cargo á partida 131.00.02 –Gastos oficina de emigración- do funcional 3130 –Benestar Social-.

4(1618).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE TRES AUXILIARES ADMINISTRATIVOS, UN PSICÓLOGO, UNHA EDUCADORA SOCIAL E UN TRABALLADOR SOCIAL DO PLAN DE INCLUSIÓN. EXPTE. 36750/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 22.10.08, o informe da xefa da Unidade de Persoal, do 21.10.08, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Benestar Social, do 6.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Formalizar contratos laborais temporais de 1 psicóloga, 1 educadora social, 1 traballadora social e 3 auxiliares administrativas baixo a modalidade contractual de obra ou servizo determinado a xornada completa, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15.a), da Lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, polo período comprendido entre a data do acordo da Xunta de Goberno Local e o 31 de decembro de 2008 coas aspirantes (Psicolaga) Mª JOSÉ PAZO FERNÁNDEZ, Dni. 36080253S, (Educadora Social) Dª MARIA COUÑAGO RICÓN, Dni. 770049916L, (Traballadora Social) Dª LUZ Mª VAZQUEZ MACIAS, Dni. 36140852D, (Auxiliares) Dª IRIA VAZQUEZ SOUZA, Dni. 36116579R, Dª YOLANDA AMPARO TAPIOLES VEGA, Dni. 360741936, Dª MAVELIN RODRÍGUEZ LEYENDA, Dni. 36162690C, candidatas que superaron tódolos exercicios de selección de persoal para a oficina do Plan de Inclusión.

2º.- Percibirán como retribución as establecidas segundo vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal do Concello, neste caso as de Psicólogo/a, Educador/a Social, Traballador/a Social e Auxiliar administrativo/a.

3º.- Pola Unidade de Persoal formalizaranse os contratos correspondentes, alta na Seguridade Social e demais trámites necesarios para a efectividade do presente acordo.

4º.- Aprobar e dispoñer o gasto dos presentes contratos con cargo á partida 131.00.01 –Persoal desfavorecidos- do funcional 3130 –Benestar Social-.

5(1619).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS “EDUARDO CHAO” PARA A DINAMIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓN EN MATERIAS DE IGUALDADE, XUVENTUDE, CULTURA, ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E DEPORTES NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 352/107.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 28.08.08, e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, do 14.10.08, conformado polo concelleiro de Deportes, o concelleiro de Cultura, Animación e Festas, a concelleira de Igualdade e Normalización Lingüística e o tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo a través das Concellerías de Cultura, Deportes, Normalización Lingüística e Igualdade para o desenvolvemento dun programa de actuación e dinamización veciñal.

2º.- Aprobar e dispoñer o gasto de 75.000,00 €, con cargo ás partidas, o no seu caso na bolsa de vinculación correspondente; 4510.489.00.00 (7.000,00 €), 4512.489.00.07 (20.000,00 €), 4521.489.00.00 (15.000,00 €), 4632.489.00.00 (20.000,00 €) e 4633.489.00.00 (13.000,00 €), a favor da entidade Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, CIF: G-36681708, e con enderezo social na Praza da Princesa nº 7-2º andar, Vigo 36202.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN VECIÑAL.

No Concello de Vigo, con data _____ de 2008.

Por parte do Concello de Vigo: O Tenente de Alcalde, D. Santiago Domínguez Olveira.

Por parte da Federación de Asociacións Veciñais Eduardo Chao (FAVEC): A Presidenta da FAVEC, Dna. Elena González Sánchez con DNI: 34.244.274-B

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio.

MANIFESTAN:

1.- Que en aras do interese xeral de dinamización de actividades de ámbito cultural e de igualdade na Cidade de Vigo conveñen a realización deste convenio de colaboración entre ambas entidades de cara a potenciación, promoción e desenvolvemento da actividade veciñal dende os ámbitos culturais, deportivos e de igualdade dentro dos criterios definidos no presente convenio.

2.- A Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao” é a entidade que ven organizando e desenvolvendo este tipo de actividades na cidade de Vigo e constitúese como entidade de interese xeral, de

participación cidadán, defensa de consumidores e usuarios e sen ánimo de lucro. As actuacións deste convenio teñen un claro interese público e social. Asemade a FAVEC é única e ten capacidade organizativa para desenvolver as actuacións previstas neste proxecto.

3.- Esta subvención ten un claro carácter de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas no convenio teñen un alto interese público e social, dada a súa natureza de promoción de actividades de interese social e cidadán.

PRESCRICIÓN:

Primeira: O presente convenio ten por obxectivo colaborar coa FAVEC no desenvolvemento do programa de dinamización veciñal en materias de Cultura, festas, deportes, normalización lingüística e igualdade que desenvolve durante todo a ano 2008.

Segundo: A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo paro a o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

A FAVEC para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG.

A subvención obxecto deste convenio e compatible con calquer outra subvención, axudas ou ingresos percibidos polo beneficiario procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados.

Terceira: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

Colaborar coa FAVEC na difusión e dinamización dos contidos e actuacións da FAVEC vinculados con este convenio.

Colaborar na financiación das actuacións vinculadas a este proxecto para a totalidade do ano 2008, coa aportación de e 75.000,00 €, con cargo as partidas, e no seu caso na bolsa de vinculación; 4510.489.00.00 (10.000,00 €.), 4512.489.00.07 (20.000,00 €.), 4521.489.00.00 (12.000,00 €.) 4632.489.00.00 (20.000,00 €.) e 4633.489.00.00 (13.000,00 €.)

O pago efectuarase unha vez realizas as actividades e trala xustificación e presentación da conta xustificativa indicada no apartado oito do presente convenio.

Cuarta: A Federación de Asociacións Veciñais Eduardo Chao asume as seguintes obrigas:

1. Desenvolver as actividades previstas no programa que adxunta, vinculadas coa dinamización Cultural, animación sociocultural, deportes, normalización lingüística e de Igualdade entre os diversos colectivos veciñais asociados durante o ano 2008.
2. Asumir as responsabilidades derivadas da organización das diversas actividades, contemplando que as mesas son organizadas pola FAVEC coa colaboración da Tenencia de Alcaldía e as Concellerías de Cultura, animación sociocultural, deportes, normalización lingüística e Igualdade.
3. Todos os medios de promoción e difusión deberán empregar o galego.
4. En todas as actividades que se desenvolvan dentro do obxecto deste convenio con independencia de outras subvencións ou patrocinios, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Tenencia de Alcaldía, e de forma específica en función da actividade, os logos das Concellerías de Cultura, Animación sociocultural, Deportes, Normalización lingüística e Igualdade.

Quinta: O seguimento da execución do presente convenio será realizado dende a Tenencia de Alcaldía do Concello de Vigo en coordinación co resto das áreas de xestión implicadas neste programa, comprometéndose a “FAVEC” a xustificar individualmente ante a mesma os gastos efectuados para a realización das referidas actividades.

As Concellerías de Cultura, Animación sociocultural, Deportes, Normalización lingüística e Igualdade, así como Tenencia de Alcaldía, aportarán, cada unha no seu eido competencial, os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

O Tenente de Alcalde, queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste Convenio, no ámbito de responsabilidade de cada servizo.

Sexta: O presente convenio abarcará a totalidade de ano 2008.

Sétima: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da LSG.

Oitava: A xustificación da subvención farase por parte do beneficiario en forma de conta xustificativa, e de forma individualizada en base as aportación definidas neste convenio, segundo o previsto no artigo 28 da LSG, acreditándose os gastos realizados mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente.

En atención á especialidade desta actividade, poderán presentar como xustificantes a través de documentos orixinais (documentos de pago de dietas, desprazamentos, etc.) emitidos pola entidade organizadora e responsable dos gastos, que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor privativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co proxecto do evento organizado e subvencionado, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatória.

A Conta Xustificativa a que se refire o parágrafo anterior, deberá incluír unha declaración das actividades realizadas durante o ano 2008 e que teñan vinculación co obxecto desta subvención, así como o seu custo, co desglose de cada un dos gastos incorridos. Asemade, xunto coa xustificación deberá achegarse declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade, así mesmo a xustificación de atoparse o corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Tras a presentación da conta, que deberá realizarse sempre antes do 30 de novembro, o servizo procederá a emitir un certificado sobre a realización do evento e de conformidade coa conta xustificativa, previa o pago correspondente.

Así o conveñen no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por triplicado o presente documento.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.